

**Á CONCELLERÍA DE ORZAMENTOS E FACENDAS DO EXCELENTÍSIMO CONCELLO
DE VIGO**

A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL, ASPACE – GALICIA, con CIF G-36344950, e domicilio a efectos de notificacións en Praza 8 de marzo nº1-1º CP 36003 – Pontevedra ten como unha das súas principais funcións a defensa dos dereitos das persoas con parálise cerebral e as súas familias, realizando todas aquelas accións necesarias para garantir o seu exercicio en condición de igualdade.

Temos moi presente a labor de participar naquelas iniciativas que reflectan no colectivo para manter un diálogo social cos poderes públicos para que as necesidades e intereses lexítimos das persoas con parálise cerebral e outras discapacidades con grandes necesidades de apoio sexan tidos en conta e respectados.

A Federación reúne ás seguintes entidades: ASPACE CORUÑA, APAMP, AMENCER ASPACE e ASPACE LUGO. Concretamente, **A Asociación APAMP** conta cun centro de día ocupacional, centro residencial e centro de atención infantil con ludoteca inclusiva e a **Asociación AMENCER ASPACE** un centro de atención integral con centro de educación especial no Concello de Vigo, polo que os orzamentos deste Concello son de gran importancia para o noso colectivo.

Por este motivo, presentamos no tempo e forma conferido a tal efecto, **ESCRITO DE ALEGACIÓNS A PROPOSTA ORZAMENTARIA DO CONCELLO DE VIGO PARA 2025**, en base ás seguintes,

Por outra banda queremos aproveitar a oportunidade para expoñer as reivindicacións feitas por ASPACE Galicia e APAMP ao Concello de Vigo neste último ano.

Agardando que sexan de utilidade, facemos as seguintes,

ALEGACIÓNS

Primeira.- Consideracións xerais sobre a parálise cerebral e outras discapacidades con grandes necesidades de apoio

A parálise cerebral defínese cientificamente como un trastorno global da persoa consistente nunha **desorde permanente e inmutable** do ton muscular, a postura e o movemento causada por una lesión non progresiva no cerebro antes de que o seu desenvolvemento e crecemento estean completados.

Tódalas persoas con parálise cerebral teñen dificultades na súa mobilidade, control de movementos, coordinación, ton muscular, postura e equilibrio. Trátase dunha **pluridiscapacidade que afecta de forma distinta** a cada persoa e na que poden coexistir varias situacións de discapacidade. Segundo datos da Asociación Australiana de Parálise Cerebral, entre outras circunstancias:

- O **98%** teñen disartria: dificultade na articulación das palabras.
- O **33%** necesita cadeira de rodas para os seus desprazamentos.
- O **10%** teñen discapacidade visual.
- O **50%** das persoas con parálise cerebral teñen **discapacidade intelectual asociada**. No 30%, discapacidade intelectual severa.
- O **25%** non teñen comunicación oral.
- O **25%** pode ter condutas disruptivas.

Ademais, o 80% das persoas con parálise cerebral e outras discapacidades afíns teñen **grandes necesidades de apoio** a nivel físico, comunicacional ou por combinación de varios factores, necesitando apoios humanos durante as vinte catro horas dos sete días da semana.

Debido a esta pluridiscapacidade as persoas con parálise cerebral e outras discapacidades con grandes necesidades de apoio poden atoparse na súa vida cotiá con os tres tipos de barreiras definidas no artigo 3d) da Lei 10/2014 de Accesibilidade; **barreiras físicas, comunicativas e actitudinais**.

Fronte a isto atopamos a **accesibilidade universal**, é dicir, "a condición que deben cumprir as contornas, procesos, bens, produtos e servizos, así como os obxectos, instrumentos, ferramentas e dispositivos para ser comprensibles, utilizables e practicables por tódalas persoas en condicións de igualdade e comodidade e en condicións de seguridade e da forma máis autónoma e natural posible. Na accesibilidade está incluída a accesibilidade cognitiva para permitir a fácil comprensión, a comunicación e interacción a tódalas persoas. A accesibilidade cognitiva faise efectiva a través da lectura fácil, sistemas alternativos e aumentativos de comunicación, pictogramas e outros medios humanos e tecnolóxicos dispoñibles para tal fin.

Baseándonos nas características e necesidades descritas no punto anterior sobre as persoas con discapacidade e grandes necesidades de apoio, facemos unha serie de aportacións sobre á proposta orzamentaria que tamén están relacionadas co emprego das partidas que poidan ser aprobadas polo que, no caso de que non sexan acordados os aumentos o modificacións solicitadas neste escrito, solicitamos que o Concello as teña en conta para a súa propia execución.

Segunda.- Axudas á accesibilidade

Partida 1510 7800000 Axuda accesibilidade nos edificios e 1532 2100003 Supresión de barreiras arquitectónicas¹: Consideramos moi necesario o aumento destas partidas tal e para dar cobertura a tódalas persoas con discapacidade que poidan chegar a beneficiarse e que ademais fomentarán a existencia de máis ofertas de edificios que cumpran cos requisitos mínimos de accesibilidade para elas. Ademais debe terse en conta a necesidade de dar acceso tamén aos locais de negocios, tal e como expoñemos na proposta 4 do epígrafe 3 deste escrito. Propoñemos tamén a inclusión dentro destas partidas co aumento orzamentario correspondente ou o establecemento dunha nova coa dotación suficiente para:

Axudas para a eliminación de barreiras arquitectónicas en negocios e locais abertos ao público: Detectamos que existen moitas barreiras nos locais e negocios abertos ao público que impiden o acceso aos mesmos das persoas con discapacidade e mobilidade reducida. Ademais a accesibilidade cognitiva é algo moi descoñecido para a maioría dos negocios.

É moi frecuente atopar bares ou cafeterías que contén con baño adaptado, xa que é un requisito das instalacións de nova creación ou nas reformas, pero na realidade atopamos que o acceso non é posible debido a existencia de chanzos ou escaleiras, que esta clase de baños empréganse como almacéns ou que non cumpren coas medidas regulamentarias. Estas barreiras fan imposible o uso para persoas que empregan cadeiras de rodas. Por isto, propoñemos un plan de axudas para negocios da cidade que faga posible unha verdadeira accesibilidade a tódolos niveis.

Terceira.- Emenda á partida 1710 6190003 Recuperación de zonas verdes: ademais de estar a favor de dotar de maiores medios, nos proxectos de recuperación deberán contemplarse as melloras de accesibilidade para que toda a cidadanía poida acceder a elas, cumprindo coas regras de accesibilidade e itinerario peonil específico para este tipo de zonas, sendo obriga das entidades locais garantir a accesibilidade e deseño universal nas obras de mantemento e reforma que leven a cabo.

Terceira.- Emenda de aumento á Partida 2310 2279901 Prestación do servizo de axuda no fogar: este tipo de axuda é imprescindible para moitas persoas con discapacidade e persoas maiores sendo necesario aumentar os recursos económicos e persoais do servizo así como a oferta dispoñibles. Ademais, a clave de que este servizo sexa óptimo é a súa compatibilidade con outros servizos de atención á dependencia e a reivindicación de que varios servizos ou libranzas do programa individual de atención sexan compatibles entre si.

Cuarta.- Partida 2311 2260200 Campaña contra a violencia de xénero: destinada máis a execución da partida, propónse a creación de campañas específicas para mulleres con discapacidade vítimas de violencias machistas e tamén cara as mulleres coidadoras, que sofren respectivamente discriminación múltiple ou interseccional (por ser muller e ter discapacidade) e discriminación por asociación (as nais, principais coidadoras, de fillas/os con discapacidade teñen máis obstáculos para saíren do círculo da violencia). As campañas, seguindo os mandatos dos convenios internacionais e o Pacto de Estado deben dirixirse especificamente a esta realidade e tamén garantir a accesibilidade cognitiva e sensorial. Ademais, e con carácter xeral, a realidade das mulleres con discapacidade ten que estar presente en tódalas campañas de igualdade e erradicación da violencia de xénero fomentado a súa inclusión plena e eliminación de estereotipos relacionados.

Quinta.- Fomento do deporte inclusivo

En relación coas Partidas 3410 2260200 Promoción e fomento do deporte, 3410 2260901 Organización de actividades deportivas, 3420 62900000 Equipamento deportivo das instalacións e 3420 212000 Mantemento e mellora de instalacións deportivas, para a súa execución recomendamos a inclusión de campañas específicas referidas ao deporte adaptado e a adquisición de material deportivo adaptado para persoas con discapacidade, fomentando o deporte inclusivo e a accesibilidade a instalacións e servizos. Solicitamos o aumento da dotación para a **adquisición de material e mantemento de produtos de deporte adaptado e accesibilidade das instalacións** xa que tanto o ocio como o deporte son partes fundamentais na vida dunha persoa e contar con produtos adaptados para que as persoas con discapacidade poidan participar en actividades deportivas é un dereito que debe ser garantido por tódalas Administracións Públicas.

Sexta.- Subvención bono-taxis discapacitados: en primeiro lugar e de forma rotunda solicitamos a modificación do termo discapacitado por persoas con discapacidade de acordo coa definición de persoa con discapacidade da Convención de Dereitos das Persoas con Discapacidade de 2006 e a máis actual normativa española, que basea a discapacidade na interacción das persoas coas barreiras da contorna non en elas mesmas (dis-capacitados, menos-capacidade). Aínda que sabemos que esta referencia faise así no expediente dos orzamentos, concretamente na clasificación económica comparativo (páxina 1203 e seguintes do expediente), se esta emenda e para nova creación consideramos máis que oportuna esta suxestión. Por outra banda, a cantidade de 25.000€ á que se fai referencia no expediente resulta insuficiente solicitando o aumento a 50.000€ para que poidan cubrirse as necesidades de tódalas persoas con discapacidade.

Por outra banda, a falta de taxis adaptados supón un problema enorme para a libre circulación das persoas con discapacidade con maiores necesidades de apoio, empeorando cada día esta situación. Por isto, propoñemos o establecemento dunha **nova partida de axuda efectiva para aumentar a flota de taxis adaptados**.

Sétima.- Recuperación dunar en Samil, fase 1 P.Punta-Camaleón, Aplicación 1721.6090010 Proxecto 22172110: este proxecto conta cunha partida económica de 100.000€, solicitamos que **parte desta cantidade sexa destinada especificamente a obras de mellora de accesibilidade e eliminación de barreiras** para que haxa un itinerario peonil accesible para todas a cidadanía. O pasado 20 de novembro **O grupo de Exerzo os meus dereitos** conformado por homes e mulleres con parálise cerebral de APAMP presentaron unha reclamación á Concellería de Fomento, indicando as barreiras detectadas no paseo principalmente e solicitando a inclusión de medidas de accesibilidade, eliminación de barreiras na recuperación dunar en Samil e mellora do apoio no baño accesible e uso de praias. Axúntase a reclamación presentada. Esta solicitude tamén podería supoñer unha modificación do proxecto inicial de recuperación.

Dentro da reclamación da mellora da accesibilidade na zona de Samil solicitamos a instalación dun **cambiador inclusivo** que son sanitarios deseñados para satisfacer as necesidades de apoio na hixiene persoal e que van máis alá que un baño adaptado. Consideramos necesaria a creación dunha nova partida con dotación suficiente para a instalación deste cambiador, a maiores dos 100.000€ xa destinados a recuperación dunar. Tamén sería necesaria aumentar a aplicación 1720 2270001 que destina 16.000€ á limpeza de servizos hixiénicos en praias.

Oitava.- Aumento dos recursos persoais e materiais para o servizo de baño adaptado nas praias: o servizo de baño adaptado é fundamental para que as persoas con grandes necesidades de apoio poidan desfrutar da praia en condicións de igualdade. Os recursos existentes de persoal e materiais resultan insuficientes así como as quendas establecidas para o seu uso. Por iso solicitamos unha dotación maior para este servizo coa finalidade de adquirir novos equipos como cadeiras anfibas regulables e os recursos humanos suficientes para aumentar as quendas nas que está activo este servizo.

Novena.- Mellora da accesibilidade no auditorio de Castrelos: O programa 3380 63200000 destina 100.000€ ao investimento de mellora no auditorio de Castrelos, concretamente solicitamos que se destine parte desa cantidade, ou no seu defecto o aumento da partida para facelo posible, este dirixida a facer un plataforma máis grande para ás persoas con mobilidade reducida que permita o acceso a toda xente que o precisa e ás súas persoas acompañantes xa que as dimensións da actual plataforma son insuficientes. O grupo de Exerzo os meus dereitos de APAMP xa puxo de manifesto esta reclamación así como a situación de discriminación directa na venda de entrada na reclamación presentada o sete de agosto de 2024 dirixida á Concellería de Seguridade, contratación, festas e xestión Municipal sen obter resposta algunha de momento.

Décima.- Mellora da accesibilidade dos autobuses urbanos de Vitrasa: solicitamos o establecemento dunha partida orzamentaria suficiente para as **adequacións necesarias que fagan posible a accesibilidade real nos autobuses de transporte urbano** desta cidade, concretamente, para que se leven a cabo as modificacións necesarias nas novas flotas dispoñibles nas que a estrutura actual empeorou as prazas reservadas para mobilidade reducida e que dificultan, a maiores o seu uso. Ademais resulta necesario asegurar po correcto mantemento das ramplas de, estes vehículos. Como xa temos exposto dende vai dous anos á concellería competente nas nosas reclamacións o deseño actual das prazas PMR dificultan a colocación de persoas con cadeiras de rodas eléctricas sendo moi complexo manobrar pola existencia de elementos que supoñen unha barreira.

Undécima.- Creación dunha proposta orzamentaria para a recuperación do servizo de transporte PMR de Vitrasa: Ata a pandemia po SARS COVID-19 este concello tiña un vehículo de Vitrasa destinado á persoas con mobilidade reducida que ofrecía un servizo porta a porta e que era moi empregado polo noso colectivo xa que permitía que foran xuntas máis de dúas persoas en cadeira de rodas. **Temos solicitado en numerosas ocasións o restablecemento deste servizo** e a resposta que nos da este Concello é que o servizo PMR xa non é necesario porque todos os autobuses contan con rampla. Fronte isto debemos indicar que en numerosas ocasións as ramplas non funcionan e no autobús ordinario só poden ir dúas persoas con cadeiras de rodas coas dificultades para manobrar principalmente nos novos autobuses.

Por iso solicitamos por unha banda a **dotación económica necesaria para axeitar os autobuses** a unhas condicións de accesibilidade practicables para todas as persoas con discapacidade, e por outra banda, a **recuperación do servizo PMR** xa que os beneficios deste servizo non se garanten tan só con autobuses ordinarios con ramplas.

Duodécima.- Creación dunha axuda para produtos farmacéuticos, complementarios ou de hixiene persoal non contemplados na financiación pública: se ben a maioría de medicamentos que necesitan as persoas con parálise cerebral e outras discapacidades con grandes necesidades de apoio están cofinanciadas polo Servizo Galego de Saúde, hai moitos produtos imprescindibles para a saúde e calidade de vida que non están financiados. Falamos, por exemplo, de cremas, produtos de aseo persoal especiais para determinados problemas da

pel, produtos para o tránsito intestinal, cueiros e absorbentes nun número maior cos financiados, servizos de podoloxía, dentista ou oculista, que deben ser abonados pola persoa con discapacidade de forma íntegra, supoñendo un esforzo económico para moitas familias e unha situación de discriminación por motivos económicos.

Propoñemos unha partida de axudas para a financiación daqueles produtos e servizos non cofinanciados pola Seguridade Social destinada á mellora da saúde e calidade de vida das persoas con discapacidade.

Décimo terceira.- Plan de axudas económicas para a compensación de gastos de aqueles produtos non contemplados no Catálogo ortoprotésico regulado na Orde de 28 de maio de 2013 pola que se regula a prestación ortoprotésica na Comunidade Autónoma de Galicia nin no Catálogo Estatal. A pesar do proxecto de Orde de 2023 da Xunta de Galicia para a actualización do Catálogo galego, do cal non tivemos noticias sobre a súa aprobación nin resposta ás nosas alegación ao texto, en previsión de que moitos produtos non van ser incluídos facemos esta proposta para solicitar a axuda local no seu financiamento.

Sen ser unha lista pechada propoñemos os seguintes produtos:

1.- Grúas de mobilización. Trátase dunha ferramenta moi necesaria para a mobilización de persoas con grandes necesidades de apoio e para as persoas coidadoras, dado o gran esforzo físico que supón. Por outro lado, o coste deste produto é moitas veces inasumible para moitas familias se non contan con axudas públicas podendo acceder só as familias con maiores recursos económicos.

2.- Camas xeriátricas ou camas articuladas posicionadoras: trátanse de produtos básicos para a saúde e calidade de vida das persoas con parálise cerebral e as súas familias. Ademais da estrutura da cama débense incluír os distintos tipos de colchóns articulados e antiescaras, así como outros complementos necesarios para a adaptación ás necesidades da persoa, como por exemplo, baldas.

3.- Produtos de apoio para hixiene, baño e aseo: como cadeiras para adaptación do WC, cadeiras de ducha, hamacas para ducha e padiolas para baño.

4.- Produtos de apoio relacionados coas actividades da vida diaria relacionadas con la alimentación ou aseo: cubertos adaptados, bandas de silicona para agarrar obxectos, cepillos de dentes, calzadores, etc.

5.- Cadeiras personalizadas para coche cando a persoa non use coche adaptado ou non pode estar sentada na súa cadeira de rodas.

6.- Arnese e chalecos inmovilizadores.

7.- Sistemas de posicionamento para decúbito.

8.- Bipedestadores e outros produtos de apoio á marcha e mobilidade, por exemplo, o NF Walker.

9.- Audiófonos para persoas con hipoacusia con idade superior a 26 anos (por debaixo deste límite de idade están contemplados no Catálogo ortoprotésico).

Décimo cuarta.- Creación dunha partida específica para a creación dun programa de adaptación dos concursos oposicións de prazas vacantes no Concello: En varias ocasións temos reclamado a adaptación das probas de acceso a prazas de emprego público deste ente local para a quenda reservada a persoas con discapacidade cognitiva. Con cumprir o requisito de reserva dunha porcentaxe das prazas ofertadas e aumentar os tempos de resposta das probas non é suficiente para acadar a obriga legal do **dereito das persoas con discapacidade intelectual de acceder ao emprego público e da súa inclusión en igualdade de condicións**. Senón existe unha **adaptación dos temarios e dos tipos de probas perpetúase a discriminación indirecta** existente, quedando estas prazas valeiras e pasando a cota xeral de persoas sen discapacidade intelectual. Por este motivo solicitamos a creación dun programa para a adaptación de probas e temarios de cara a garantir o acceso real das persoas con discapacidade ao emprego público neste Concello. Proponse para a súa execución dotar, grazas ao investimento necesario, á concellería competente dos recursos materiais e persoais necesario para esta tarefa podendo contar tamén coas entidades do terceiro sector de acción social adicadas a o apoio nesta materia, como pode ser o **servizo de orientación laboral desta Federación** que xa puxo en coñecemento deste Concello estes feitos, concretamente, coa última convocatoria de prazas.

Por todo o exposto,

A ESTA CONCELLERÍA SOLICITAMOS, que teña por presentado este escrito, en tempo e forma, sírvase de admitilo, teña por presentadas **Alegacións á Proposta Orzamentaria do Concello de Vigo para 2025**, e despois da súa análise proceda a facer as modificacións solicitadas.

Para que así conste, e produza os efectos legais oportunos.

En Vigo a 10 de decembro de 2024.



ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE
PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL
Miguel Hernández, nº 1 • 36210 Vigo
Tel. 986 294 422 • CIF: G36044320

Concepción Somoza Torres

Presidenta de Federación ASPACE Galicia e Xerente de APAMP